## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas al funcionamiento del sistema VioGén.**

Algunos de los últimos asesinatos machistas conocidos, dos de ellos en Galicia, se produjeron a pesar de que las víctimas ya estaban dentro del sistema VioGén, una situación que genera una enorme preocupación entre las mujeres que sienten una gran desprotección e indefensión y que puede incluso llegar a disuadirlas de acudir al sistema, un lugar donde siguen sin estar seguras.

El 15 de junio se produjo otro crimen machista en Galicia, en el barrio de la Sagrada Familia de A Coruña, un asesinato especialmente violento y con un gran ensañamiento. La victima formaba parte del sistema VioXén desde septiembre de 2024, momento en que sufrió una agresión por parte de quien ahora se ha convertido en su asesino, siendo entonces incorporada de oficio ante la falta de denuncia, y estableciéndose el llamado Protocolo Cero. Sin embargo, los agentes valoraron su situación como «riesgo no apreciado», el nivel más bajo de los cinco existentes.

El proceso judicial iniciado en relación con la referida agresión finalizó con un procedimiento judicial el pasado 27 de mayo con sentencia condenatoria que estableció una orden de alejamiento para el agresor, que seguía en «fase de ejecución por parte del juzgado» en el momento en que se produjo el asesinato.

Tras el crimen machista, la Subdelegada del Gobierno de A Coruña indicó que «no se había producido ningún quebrantamiento de sentencia en la noche del sábado al domingo ya que el fallo se había comunicado al agresor». Una situación intolerable, ya que la orden de alejamiento debería ejecutarse inmediatamente después de dictarse la sentencia.

De hecho, la víctima convivía con su agresor, ya que las mujeres que sufren violencia de género se encuentran, por lo general, en una situación de profunda dependencia emocional, psicológica y económica, por lo que les resulta muy complicado dar el paso de denunciar. La inclusión en VioGén debe servir, en estos casos, para lograr el distanciamiento de la víctima y para facilitar la ayuda e información precisa que permitan a la víctimaver una salida.

En este caso, el hecho de que la víctima fuese incorporada a VioGén no sirvió para protegerla, por lo que es evidente que la protección falló. Los tiempos tan dilatados de los procesos, la falta de comunicación de la sentencia y de la orden de alejamiento, así como la falta de actuación, juegan en contra de las mujeres víctimas. Un procedimiento que dura más de ocho meses no es ágil ni eficaz y no protege a las mujeres en tiempo y forma.

Todas estas circunstancias deben ser analizadas y revisadas para extraer conclusiones que permitan mejorar el sistema, así como responsabilidades, si las hubiera. Es evidente que el sistema está fallando, por lo que es necesario prever medidas de refuerzo y ajustar los protocolos.

**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Cuál es el análisis del Gobierno sobre la respuesta del sistema de protección ante el crimen machista ocurrido en A Coruña el 15 de junio?
2. ¿Cuáles son las razones por las que la víctima de este caso, a pesar de encontrarse en el sistema VioGén mediante un proceso de oficio y tener una orden de alejamiento en «ejecución», acabó siendo asesinada por su maltratador?
3. ¿Está usted de acuerdo en que una sentencia de alejamiento debe aplicarse de inmediato y sin dilaciones? ¿Coincide en que en los casos de violencia machista la urgencia y la agilidad son imprescindibles?
4. ¿Tiene previsto el Gobierno realizar un análisis de este y otros casos recientes de violencia machista, especialmente los ocurridos cuando la víctima ya estaba incorporada al sistema VioGén, y mejorar los puntos débiles del sistema reforzando las medidas?
5. ¿El sistema VioGén 2 ya está plenamente operativo?
6. ¿Comparte que es fundamental impartir una formación adecuada en materia de

violencia machista a todos los agentes implicados en el proceso, fuerzas y cuerpos de seguridad del Estado, poder judicial, entre otros?

Madrid, a 21 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**

C.DIP 73918 23/06/2025 12:04

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
21 JUN. 2025 23:09:18
Entrada 73846

# Sobre o funcionamento do sistema do VioXén atendendo aos últimos asasinatos machistas

| | |
|---|---|
| Competencia | Otros Expedientes |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

C.DIP 73918 23/06/2025 12:04

**Á MESA DO CONGRESO**

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao funcionamento do sistema VioXén.**

Algúns dos últimos asasinatos machistas coñecidos, dous deles na Galiza, tiveron lugar a pesar de estar xa as vítimas dentro do sistema VioXén, situación que xera unha enorme preocupación nas mulleres que senten unha gran desprotección e indefensión e, mesmo, pode levar a desanimalas a acudir ao sistema, lugar en que seguen sen estar seguras.

O 15 de xuño perpetrábase outro crime machista na Galiza no barrio da Sagrada Familia na Coruña, un asasinato especialmente violento e cun grande asañamento. A vítima formaba parte do sistema VioXén desde setembro de 2024 momento en que sufriu unha agresión por parte de quen se converteu agora no seu asasino, sendo incorporada de oficio ante a falta de denuncia, e establecendo o denominado Protocolo Cero. Porén, os axentes valoraron a súa situación como de "risco non apreciado", o chanzo máis baixo dos 5 existentes.

O procedemento xudicial iniciado en relación coa citada agresión acabou nun procedemento xudicial o pasado 27 de maio cunha sentenza condenatoria que estableceu orde de afastamento para o agresor, mais esta seguía aínda en "fase de execución por parte do xulgado" no momento en que tiña lugar o asasinato.

Tras o crime machista, a Subdelegada do Goberno da Coruña indicou que "non se produciu un quebrantamento da condena a noite do sábado ao domingo xa que non se lle comunicou o fallo ao agresor". Unha situación intolerábel, pois a

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
21 JUN. 2025 23:09:18
Entrada 73846

orde de afastamento debería executarse de inmediato despois de recaer sentenza.

De feito, a vítima convivía co seu agresor, pois as mulleres que padecen violencia de xénero encóntranse, habitualmente, nunha situación de profunda dependencia, emocional, psicolóxica e económica, resultando moi complicado que podan dar o paso de denunciar. A inclusión no VioXén debera servir, nestes casos, para lograr o afastamento da vítima e facilitar a axuda e información precisa que permita a vítima ver unha saída.

Neste caso que a vítima fose incorporada ao VioXén non serviu para protexela, polo que resulta evidente que a protección fallou. Os dilatados tempos do proceso, a falta de comunicación da sentenza e da orde de afastamento así como a falta de actuación xogan en contra das mulleres vítimas. Un procedemento que tarda máis de oito meses non é áxil nin eficaz e non protexe ás mulleres en tempo e forma.

Todas estas circunstancias deben ser analizadas e revisadas para extraer conclusións para a mellora do sistema, así como responsabilidades, de ser o caso. É evidente que o sistema falla, polo que é preciso prever medidas de reforzo e axustar os protocolos.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Cal é a análise que realiza o Goberno da resposta do sistema de protección no crime machista que tivo lugar na Coruña o 15 de xuño?

2. Cales son as razóns de que a vítima deste caso, a pesar de encontrarse no sistema VioXén por un proceso de oficio e de ter unha orde de afastamento en "execución", acabase asasinada polo seu maltratador?

3. Partilla que, ante unha sentenza con orde de afastamento, esta debería aplicarse de inmediato e sen dilacións? Coincide que nos casos de violencia machista a urxencia e a axilidade e son imprescindíbeis?

4. Ten previsto o Goberno realizar unha análise deste e dos últimos casos de violencia machista, especialmente dos producidos estando xa a vítima incorporada no sistema VioXén, e mellorar os puntos febles do sistema reforzando as medidas?

5. Está xa plenamente operativo o sistema Vioxén 2?

6. Comparte que é fundamental impartir a formación adecuada en violencia machista a todos os axentes implicados no proceso, forzas e corpos de seguridade do Estado, xudicatura, entre outros?

Madrid, a 21 de xuño de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**